PABLO CHIUMINATTO

Nado en 1965 en Viña del Mar, Chile; vive e traballa en Santiago, Chile.

Paisaxe colonial: a migración dos conceptos

A pintura paisaxística é representativa da historia da arte chilena e ten raíces de importación europea que reflicten a súa migración como concepto. Este desprazamento é parte da problemática do migrante, quen chega cunha idea de paisaxe que contrasta co que ten ó redor e transforma, á súa vez, a paisaxe ó compensar o que migra xunto ó seu traslado, esvaecendo a súa imaxe entre o visto e o vivido. Coa chegada dos primeiros pintores vidos de Europa a representación do contorno e da súa riqueza material foi tornando nunha visión coincidente con esa «nova xeografía», cruzamento entre descrición e pintura.

Estas pinturas recollen a tradición dos álbums fotográficos de inicios do século XX, que conmemoran a autonomía de Chile como nación, propoñendo o exercicio visual como traballo de tradución da «paisaxe». Son pinturas monocromas moduladas dende a figuración, que conteñen o problema da reminiscencia e o esquecemento de lugares «pintorescos» (mar, cordilleira, deserto, etc.). Dúas nocións do xénero paisaxístico articúlanas: a universalidade dunha «metafísica do horizonte» e a particularidade do artista como espectador da súa propia experiencia visual. Son pinturas que suxiren outra mirada ó trazar esa paisaxe que foxe da memoria.

Paisaje colonial: la migración de los conceptos

La pintura de paisaje es representativa de la historia del arte chileno y tiene raíces de importación europea que reflejan su migración como concepto. Este desplazamiento es parte de la problemática del migrante, quien llega con una idea de paisaje que contrasta con el entorno y transforma, a su vez, el paisaje al compensar lo que migra junto a su traslado –difuminando su imagen entre lo visto y lo vivido. Con la llegada de los primeros pintores, venidos de Europa, la representación del entorno y de su riqueza material fue transformándose en una visión coincidente con esa "nueva geografía", cruce entre descripción y pintura.

Estas pinturas recogen la tradición de los álbumes fotográficos de inicios del siglo XX, que conmemoran la autonomía de Chile como nación, proponiendo el ejercicio visual como trabajo de traducción del "paisaje". Son pinturas monocromas moduladas desde la figuración, que contienen el problema de la reminiscencia y el olvido de lugares "pintorescos" (mar, cordillera, desierto, etc.). Dos nociones del género de paisaje las articulan: la universalidad de "una metafísica del horizonte" y la particularidad del artista como espectador de su propia experiencia visual. Son pinturas que sugieren otra mirada, al trazar ese paisaje que escapa a la memoria.

Colonial Landscape: The Migration of Concepts

Landscape painting is representative of the history of Chilean art; its roots lie in European importation, reflecting its migration as a concept. This movement is part of the problematic of the migrant, who arrives with an idea of landscape that contrasts with his environment which he then transforms, blurring his image by moving between what is seen and what is experienced. With the advent of the first European painters, the representation of the environment and its material wealth was gradually transformed into a vision in keeping with that "new geography," a cross between description and painting.

These paintings pick up on the tradition of the albums of photographs from the beginnings of the 20th century. Those albums commemorate Chile's autonomy as a nation, proposing a visual exercise as a task of translating "landscape." They are monochromatic paintings tempered by figuration, and they contain the problem of reminiscence and the forgetting of "quaint" places (sea, mountain range, desert, etc.). They are articulated in terms of two notions of the landscape genre: the universality of "a metaphysics of the horizon" and the particularity of the artist as the viewer of his own visual experience. They are paintings that suggest another vision by tracing a landscape that eludes memory.

P.CH.

325/326/327

Paisaje colonial:
La migración de los conceptos, 2006
Cinco óleos sobre tea, 114 x 200 cm cada unha, no Instituto Valle-Inclán